

Unha lección de cine

O misterio Galíndez

Esta é a unidade didáctica sobre a película *O misterio Galíndez*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades.

Podedes enviar esas modificacións a

ofi.normalizacion@vigo.org



O misterio Galíndez

Un filme de Gerardo Herrero

Antes de ver a película, o alumnado debe...

- Adquirir unhas nocións xerais sobre a situación española entre o ano 1936 e 1975.
- Coñecer a situación vivida por personaxes políticos e literarios galegos nese período.
- Comprender o significado do concepto de «memoria histórica» e a súa relevancia.
- **Tamén é conveniente que o alumnado coñeza os personaxes reais que aparecen no filme antes de velo. Para iso propoñemos unhas breves biografías.**

Rafael Leónidas Trujillo y Molina

San Cristóbal, República Dominicana, 1891 - Santo Domingo, 1961

Foi un ditador dominicano. Trujillo era comandante da Garda Nacional, un corpo militar creado polos EE. UU. para preservar os seus intereses na illa. En 1930 deu un golpe de Estado e proclamouse presidente da República Dominicana.

Durante os anos 1938-1942 e 1952-1961 servíuse de intermediarios da súa confianza para ocupar os principais postos políticos (como o seu irmán Héctor Bienvenido, ao que situou como presidente da República e primeiro ministro en 1952).

A ditadura de Trujillo apoiouse no exército e a policía, reprimindo brutalmente a oposición. O nepotismo e a corrupción enriqueceron unha oligarquía encabezada polo propio clan dos Trujillo, que se fixo con negocios como o monopolio do tabaco.

No seu delirio de grandeza, Trujillo chegou a cambiar o nome da capital dominicana, que renomeou Ciudad Trujillo. Construíu obras públicas enormes para perpetuar a súa memoria, e enviou o seu exército a operacións de intervención noutros países do Caribe. Ante estes excesos, os EE. UU. deixaron de apoialo e promoveron un golpe de Estado militar, no que morreu asasinado o ditador.

Francisco Franco Bahamonde

(Ferrol, 1892 - Madrid, 1975)

Foi xefe do Estado español durante a ditadura de 1939 - 1975. Elixiu a carreira militar, e rematou en 1910 os seus estudos na Academia de Infantería de Toledo. Ascendeu rapidamente por méritos de guerra, aproveitando a situación bélica de Marrocos, onde permaneceu destinado entre 1912 e 1926: en 1923 era xefe da Lexión e en 1926 converteuse no xeneral máis novo de Europa.

A carreira de Francisco Franco continuou baixo distintos réximes políticos: coa ditadura de Primo de Rivera chegou a dirixir a *Academia General Militar de Zaragoza* (1928), coa Segunda República participou na represión da Revolución de Asturias (1934), foi comandante en xefe do exército español en Marrocos (1935) e xefe do *Estado Mayor Central* (1936). O goberno da Frente Popular afastouno á Comandancia de Canarias, posto que ostentaba ao comezar a guerra civil.

Franco valoraba a orde e a autoridade. Desconfiaba do réxime parlamentario, do liberalismo e da democracia. Así sumouse á conspiración preparada por varios militares para sublevarse contra a República en xullo de 1936 (o día 17 na Península e o 18 en África, onde estaba Franco, razón pola que o réxime identificou máis tarde esta última data, o alzamento, como o seu momento fundacional).



Fracasado o golpe de Estado, comezou unha guerra civil que duraría tres anos e que levaría a Franco ao poder. Tras pasar o estreito de Xibraltar á fronte do exército de África, Franco avanzou pola Península cara ao norte. O 1 de outubro de 1936, os militares sublevados, reunidos na *Junta de Defensa Nacional* en Burgos, elixírono xefe político e militar do chamado *bando nacional*.

Franco dirixiu a guerra con criterios conservadores, moi afastados da guerra rápida que propugnaban as doutrinas estratéxicas modernas. A unidade imposta no seu bando contrastaba cos enfrontamentos que desangraban o bando leal á República; a disciplina e a profesionalidade das súas forzas, coa politización e o voluntarismo dos seus inimigos; se a isto se une a axuda militar que lle prestaron a Alemaña gobernada polos nazis e a Italia de Mussolini, pode explicarse a vitoria que Franco conseguiu en 1939 (1 de abril).

Rematada a guerra civil, Franco impuxo en toda España un réxime novo, inicialmente aliñado cos fascismos de Hitler e Mussolini, que eran os seus aliados e inspiradores. A pesar diso, non comprometeu de todo a España na segunda guerra mundial (1939-1945), pois, dada a debilidade en que se atopaba o país, non conseguiu de Hitler as desmesuradas compensacións que pretendía polo seu apoio (investigar a *entrevista de Hendaya*); tan só enviou tropas voluntarias para combater xunto aos alemáns contra a Unión Soviética (a *División Azul*). Finalizada a guerra coa derrota das forzas do Eixe, aliadas de Franco, o seu réxime sufriu certo illamento diplomático, pero conseguiu manterse, e facer rendible o seu anticomunismo radical no contexto da «guerra fría».



Franco e Eisenhower en Madrid, 1959

No ámbito político, Franco instaurou desde o principio unha ditadura persoal de carácter autoritario, sen una ideoloxía definida máis alá do seu carácter confesional (nacional catolicismo), unitario e centralista (contra toda autonomía rexional ou recoñecemento de peculiaridades culturais), reaccionario e conservador (os partidos e os sindicatos de clase foron prohibidos). Copiou dos seus modelos fascistas a idea dunha xefatura carismática unipersoal, dun partido único (o Movemento Nacional) e dun vago corporativismo (sindicato vertical). A represión da oposición foi feroz (calcúlanse 60.000 executados só entre 1939 e 1945, execucións políticas que continuaron ata 1975).

No económico, optou por unha política de autarquía que afundiou a España no estancamento e o atraso, en contraste coa recuperación que vivía o resto de Europa; non obstante, a necesidade de homologarse cos países occidentais e de reforzar a alianza con EE. UU. levouno a unha progresiva liberalización económica a partir do Plan de Estabilización de 1959.



Os anos sesenta foron de rápido crecemento económico, industrialización, apertura e urbanización: as melloras materiais facilitaron o mantemento de Franco no poder, a pesar do crecente anacronismo do seu réxime; pero tamén produciron cambios sociais que fixeron inviable a súa continuidade unha vez morto o xeneral. Desde 1969 Franco institucionalizara como sucesor o príncipe Juan Carlos, neto do último rei (Alfonso XIII); tal previsión sucesoria cumpriuse tras a morte de Franco o 20 de novembro de 1975, pero non foi acompañada dunha continuidade política, xa que, sen romper coa legalidade vixente, promoveuse unha transición pacífica cara á democracia.

Jesús Galíndez Suárez

Amurrio, Álava, 1915 -?, 1956

Foi un xurista e escritor vasco.

Durante os seus estudos de dereito na Universidad Central (hoxe Complutense), interesouse en temas relacionados co País Vasco. En 1932 afiliase ao PNV e participa activamente en Euzko Ikasle Batza e nos cursos de verán de Eusko Ikaskuntza.



Ao comezar a guerra civil española púxose ao servizo do Comité-Delegación do PNV de Madrid, que se encargaba de protexer aos cidadáns vascos residentes na vila. Durante os últimos anos da contenda participa na Brigada Vasca e en 1939 cruza a fronteira francesa camiño do exilio ata Bordeos, onde se pon en contacto co cónsul dominicano que lle facilita viaxar ata a república e residir nela. Na illa vive durante seis años e realiza diversas exposicións sobre os vascos no Ateneo Dominicano. Un ano máis tardeponse á fronte da Delegación do goberno vasco en Santo Domingo.

O 31 de xaneiro de 1946 abandona a illa caribeña e instálase máis tarde, o 13 de febreiro, en Nova York. Alí colaborou coa delegación vasca e o goberno republicano español ata conseguir que as Nacións Unidas condenasen o réxime fascista español acabado de implantar.

En 1948 viaxou a Europa para participar no Congreso Internacional de Estudos Vascos e na Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que tivo lugar en París. Tras volver a Nova York, en 1949 viaxou co lehendakari José Antonio Aguirre y Lecube para inaugurar o Centro Vasco de Caracas (Venezuela). Pouco despois obtén un premio especial nos Xogos Florais Cataláns de Nova York. Tras a publicación de *Iberoamérica, su evolución política, socio-económica, cultural e internacional en diversos países iberoamericanos* créase unha corrente opositora a Galíndez. Este rexeitamento aumenta na República Dominicana. Neses anos cursou a carreira de Filosofía na Universidade de Columbia e o 27 de febreiro de 1956 acéptase a súa tese de doutoramento *La era de Trujillo: un estudio casuístico de dictadura hispanoamericana*.

O 12 de marzo do mesmo ano desapareceu en circunstancias descoñecidas, mais todo sinala o réxime de Trujillo e a unha das súas delegacións repartidas por América e dedicada a eliminar opositores ao réxime.

Resumo da película

Nova York, República Dominicana, anos cincuenta; Madrid, País Vasco e República Dominicana, anos oitenta, son os escenarios e os tempos polos que discorre O misterio Galíndez, película que transcorre entre a realidade e a ficción, baseada na novela Galíndez de Manuel Vázquez Montalbán.

A finais dos anos oitenta, Muriel Colber chega a España para traballar na súa tese de doutoramento acerca de Xesús de Galíndez, un vasco exiliado en Estados Unidos tras a Guerra Civil, secuestrado e desaparecido en estrañas circunstancias en 1956 en Nova York.

A súa investigación abandonará pronto o ámbito académico e internarase no político-policial xa que os responsables da morte de Galíndez intentarán de todos os xeitos que os seus descubrimentos non se espallen.

Muriel Colber é unha idealista norteamericana, que ve na desaparición de Galíndez un claro abuso de poder dos gobernos, tanto americano como dominicano, que nesta historia esvaece as súas diferenzas entre democracias e ditaduras en beneficio de ocultos intereses.

Tamén queda ben reflectida a débil memoria histórica do noso país, mesmo dos políticos vascos, que non amosan preocupación polo sucedido con Galíndez; un tema que todos queren esquecer.



Preguntas e debates sobre a película

Para respostar algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.

1. Presenta, describe e analiza os personaxes principais e os secundarios.

2. Cal é o motivo de que Muriel Colber estea en España? En que época está Muriel a facer a investigación? Se a estivese a facer na actualidade, pensades que pasaría o mesmo?

3. Investiga: Quen era Galíndez? Ao comezo do filme, Galíndez é secuestrado por uns homes, mais Galíndez non estaba só. Quen estaba con el? Era o seu amigo? Credes que sabía o que estaba a pasar?

4. Na película aparecen distintos lugares como o Val de Amurrio, Nova York, o cárcere de San Silvestre... Sitúa os lugares que lembres nun mapa, para o que te poderás axudar de internet.

5. O tempo no filme non se presenta de maneira lineal, emprégase decontino o recurso da analepse ou *flash-back*. En que consiste este recurso? Podes poñer algún exemplo que aparecese no filme? Que efecto consegue no espectador este recurso?

6. Investiga e debate: Este filme reflicte unha época concreta da nosa historia, ambientada no ano 1956. En que situación estaba España? Esta situación é a que leva a Galíndez a marchar a Nova York. Cal era a situación de Galíndez con respecto a España? Coñeces

algún personaxe galego que tivese que marchar de España nesta época ao igual que Galíndez? Cales e por que?

7. Cales son as linguas máis faladas en EE. UU.? Que linguas se falan na República Dominicana? Cantas linguas se falan en España e en que territorios se falan? Podes axudarte de internet ou visitar a biblioteca para facer estas buscas.

8. Nos diálogos de Galíndez co garda que o retén, podemos notar o emprego de dous rexistros lingüísticos ao mesmo tempo, culto e coloquial. A finalidade deste uso é irónica. En que consiste esta mestura de rexistros e por que cres que consegue ese efecto irónico?

9. Esta película está baseada nunha novela de Manuel Vázquez Montalbán titulada Galíndez. **Investiga** e busca información na rede acerca deste autor e fai pesquisas para saber se a película é fiel á novela ou se difire moito. Coñeces máis novelas que se levasen a gran pantalla? Coñeces algunha galega?